DATOS BIOGRÁFICOS

Ramón Piñeiro López naceu en Armeá- Láncara (lugo) o 31 de xullo de 1915 e morreu en Santiago de Compostela en 1990

Estuda o bacharelato en Lugo e despois regresa a Armeá. En 1932 regresa a Lugo e se relaciona con xoves galeguistas lucenses. En 1933 asiste ás Asembleas do Partido Galeguista, celebradas en Santiago e coñece a Castelao, Alexandre Bóveda. En 1936 é elixido secretario do Comité Provincial para o plebiscito do Estatuto de Autonomía. Co comezo da guerra civil presentáronse varias denuncias contra el, pero non foi detido. Logo incorporouse a filas. Acabada a Guerra, comeza os seus estudos universitarios en Santiago. En 1943 participa clandestinamente na reorganización do galeguismo e viaxa a París, onde permanece exiliado o goberno republicano. Ó volver de París é detido en Madrid e condenado a 6 anos de cárcere. En 1950 fundou en Santiago a editorial Galaxia da que Ramón Piñeiro sería o director. En 1967 ingresa na Real Academia Gallega co importante discurso "A lingoaxe i as lingoas". En 1983 convértese no primeiro Presidente da Cultura Galega.

OBRAS:

Ensaios, como "Significado metafísico da Saudade" (1951), "A saudade en Rosalía" (1952), "Para unha filosofía de saudade" (1953). Participa en congresos, coloquios e conferencias. En 1984, estas obras foron integradas con "A Filosofía e o Home" e "Saudade e Sociedade" nun só volume baixo o título "A Filosofía da Saudade". En 1951 traduce ó galego con Celestino Fernández de la Vega, o "Cancioneiro da Poesía Céltica" de Julius Pokorny. En 1956 publican en Galaxia a conferencia "Von Wessen der Wahrkeit" de Martin Heidegger baixo o título galego "Da esencia da verdade".

Texto procedente de:
http://www.diadasletrasgalegas.com/homenaxeados/escritores/ramon_pineiro_lopez.html

i.e.s. afonso X o sabio

BIBLIOTECA

"O Bosque Animado"

DÍAS DAS LETRAS GALEGAS
17 DE MAIO DE 2009

R A M Ó N P I Ñ E I R O

Máis información
http://biblioafonso.blogspot.com/

AS SÚAS OBRAS



Ramón Piñeiro. **Filosofía da saudade**. Galaxia, 2009.
Este libro reúne os ensaios escritos por Ramón Piñeiro sobre a saudade. O lector ten así ao seu dispor unha das achegas máis importantes a un tema transcendental para a cultura galega. Filosofía da saudade trata en profundidade radical o sentimento de singularidade ontolóxica do home e faino como unha posibilidade nova de ver o mundo e o misterio da existencia.



Ramón Piñeiro. **A linguaxe e as linguas**. Galaxia, 2007.
O 25 de novembro de 1967 Ramón Piñeiro ingresou na Real Academia Galega pronunciando o discurso titulado *A linguaxe e as linguas* que aborda a lingua e a súa relación coa identidade colectiva do pobo galego. O texto recóllese neste libro acompañado dun limiar de Henrique Monteagudo e xunto ao discurso de resposta de Domingo García-Sabell.



Ramón Piñeiro. **Olladas no futuro**. Galaxia, 2007.
Escritos durante un período que abrangue vinte e cinco anos da vida de Ramón Piñeiro, os textos reunidos en *Olladas no futuro* forman parte xa da historia do pensamento en e sobre Galicia. Reflexións sobre un tempo que iluminan e axudan a pensar o presente. As preocupacións e a curiosidade intelectual dunha das figuras fundamentais para entender a historia galega recente.



Ramón Piñeiro. **Da miña acordanza. Memorias**. Galaxia, 2002.
Piñeiro narra neste libro a súa iniciación no galeguismo. Nos anos anteriores á Guerra Civil traba amizade con personaxes da cultura lucense, como Ánxel Fole e Luís Pimentel, e posteriormente, xa incorporado ao Partido Galeguista, ten a ocasión de compartir conversas e actividades con homes como Castelao, Otero Pedrayo ou Cabanillas.

DÚAS BIOGRAFÍAS



Carlos Casares. **Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia**. Galaxia, 2005.
Carlos Casares escribiu esta biografía pouco despois da morte de Ramón Piñeiro. A amizade e a estreita relación intelectual entre ambos os dous, de case trinta anos de duración, foi, en palabras do novelista, "*un dos acontecementos máis importantes e decisivos da miña via*". Casares relata con amenidade as vicisitudes da traxectoria vital de Piñeiro e achéganos ao pensamento dun home fundamental para entender a recente historia de Galicia.



Beatriz García Turnes. **Vida e obra de Ramón Piñeiro**. Galaxia, 2009.
Ramón Piñeiro foi un dos fundadores da Editorial Galaxia, onde ocupou o cargo de director literario. Membro da Real Academia Galega desde 1967, foi director da revista Grial e primeiro presidente do Consello da Cultura Galega.

UNHA NOVELA



Daniel Ameixeiro. **Ramón Piñeiro. Os días ocultos**. Xerais, 2009.
Nesta novela os fíos da memoria vanse engue-dellando e desenguedellando nun relato no que Ramón Piñeiro volve unha e outra vez aos difíciles días da posguerra, uns días nos que un grupo de galeguistas, enfrontándose á dura represión da ditadura e case sen medios, conseguiron ir abrindo fendas naquela abafante escuridade.